

## I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

*EXTRACTO DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA PROXECTOS DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ATENCIÓN INTEGRAL A MULLERES EN SITUACIÓN DE ESPECIAL VULNERABILIDADE SOCIAL, PARA O ANO 2024*

Extracto das Bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións para proxectos de entidades sen ánimo de lucro para a atención integral a mulleres en situación de especial vulnerabilidade social, para o ano 2024

BDNS (identif.): 753545

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións:

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/753545>)

Obxecto da subvención.

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a entidades sen ánimo de lucro para a atención integral a mulleres en situación de vulnerabilidade social na provincia de Ourense para o ano 2024.

Para os efectos da presente subvención, terán a consideración de mulleres de elevada vulnerabilidade as seguintes:

- Estar nunha situación de mulleres con menores a cargo non compartidas.
- Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero
- Ser unha persoa vítima de violencia doméstica.
- Ser inmigrante ou emigrante retornada.
- Proceder de institucións de protección ou reeducación de menores.
- Proceder de cumprimento de pena nunha institución penal.
- Ser persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda.
- Pertencer a unha minoría étnica.
- Estar en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou ser vítima da explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de trata de persoas.
- Ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reatribución sexual.

Beneficiarias.

Poderán obter subvención como beneficiarias as entidades con personalidade xurídica e sen ánimo de lucro para a atención integral a mulleres en situación de vulnerabilidade social que realicen actuacións dirixidas á atención das necesidades básicas de subsistencia, a prevención da exclusión

ou o apoio para a inclusión social, para aqueles proxectos/actuacións que se desenvolvan integramente nesta provincia e se dirixan a persoas con residencia na provincia de Ourense.

Contía:

Os proxectos presentados poderán optar a unha subvención máxima de 15.000 € e non poderán solicitar contía superior á subvención máxima prevista.

Solicitudes: prazos, lugar de presentación e documentación:

As solicitudes deberanse presentar telematicamente, a través do Rexistro Xeral da Deputación de Ourense, asinadas electronicamente pola persoa que posúa a súa representación. O emprego de medios electrónicos para a formulación da solicitude terá carácter obrigatorio, ao amparo do establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, polo que non se admitirá a trámite ningunha solicitude que se formule por outros medios.

Para a presentación da solicitude, terá que utilizarse o formulario normalizado que está accesible desde a páxina web da Deputación de Ourense: <http://www.depourense.es>

O prazo improrrogable de presentación será dun (1) mes, que contará a partir do día seguinte da publicación do extracto destas bases. Para estes efectos, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Procedemento de concesión:

O procedemento de concesión será o de concorrencia competitiva.

Ourense, 9 de abril de 2024. O presidente.

Asdo.: Luis Menor Pérez.

**R. 896**